

galicia

vertixesonora

domingo 2 de xuño
ás 12:00 h
Museo de Belas Artes
A Coruña

palabras, palabras, palabras...

con Maite Dono
(poeta)

máis información:
cultura.xunta.es
vertixesonora.net



Do Audible

música en diálogo
coa arte,
coa ciencia
e co pensamento
contemporáneos

vertixe sonora
ensemble

XUNTA
DE GALICIA

Palabras, palabras, palabras...

domingo 2 de xuño, ás 12.00 h, no Museo de Belas Artes da Coruña (A CORUÑA)

Palabras, palabras, palabras, Emilio Lede
introduce Maite Dono

Peter Ablinger (AUSTRIA, 1959)
vozes e piano/ Bertolt Brecht (2012) piano e cinta

Arturo Fuentes (MÉXICO, 1975)
memorias do baleiro (2012) saxofón, contrabaixo, piano e percusión

Peter Ablinger (AUSTRIA, 1959)
vozes e piano/ Mila Haugová (2012) piano e cinta

Fran mm Cabeza de Vaca (ESPAÑA, 1976)
ciudad a / ciudad b / ciudad ce ata o zeta (retail, wholesale) (2013) guitarra eléctrica, saxo baixo, percusión e electrónica a partir de gravaciones urbanas de Kamen Nedev (Acoustic Mirror) e de textos orixinais e voz en cinta de María Salgado

Peter Ablinger (AUSTRIA, 1959)
vozes e piano/ Hanna Schygulla (2012) piano e cinta

VERTIXE SONORA ENSEMBLE
Maite Dono voz/ Pablo Coello saxofón baixo/ Rubén Barros guitarra eléctrica/ Diego Ventoso percusión/ David Durán piano/ Ángel Faraldo electrónica e difusión multimedia

O programa que propomos aborda as posibilidades da oralidade como elemento de construcción do discurso musical. Deixando a lado a natureza semántica do texto e a súa emotividade significante, serán as resonancias fónicas, as inflexions da fala ou do recitado poético, o ritmo do poema ou a súa entoación os fios dos que derive o xogo de sonoridades que sustenta a trama musical nas partituras seleccionadas.

A retórica e as súas figuras como eixe estrutural, a lingua materna como orixe da acentuación ritmico-melódica, as inflexions da fala e os seus rexistros dialectais como fundamento do canto, os recitados ritmicos-poéticos e musicais; así como as variadas tentativas que median entre ambos, serán pontóns que percorreremos dévagar nun exercicio de intrahistoria.

Na charla previa, a poetisa Maite Dono descifrará as claves da súa creación literaria e completará o cadro no que palabra e son se combinan para estimular a nosa sensibilidade.

OS COMPOSITORES

Peter Ablinger

Schwanenstadt, Austria, 1959. Comezou estudiando artes gráficas e axiña se entusiasmou co free jazz, xa antes de rematar os seus estudos de composición con Gösta Neuwirth e Roman Haubenstock-Ramati en Graz e en Viena. Desde 1982 vive en Berlín, onde iniciou e dirixiu numerosos festivais e concertos. En 1988, fundou o Ensemble Zwischenstöme. En 1993, exerceu de mestre visitante na Universidade de Música de Graz. Foi director convidado de Klangforum Wien, United Berlin e do Insel Musik Ensemble. Desde 1990, Peter Ablinger traballa como músico por conta propia.

Peter Ablinger é un dos poucos artistas que emprega o ruido sen ningun tipo de simbolismo, non como sinónimo do caos, da enerxía, da entropía, da desorde ou do tumulto; nin por oposición a algo, nin coa pretensión de ser desobediente ou destrutivo; nin para todo, nin para o eterno ou para aquilo-que-vostede-queira. Se en moitos casos de música deliberadamente envolta no ruido, o ruido é a anécdota, en Ablinger é únicamente ruido. Tamén leva tempo cuestionándose a natureza do son, do tempo e do espazo (componentes normalmente considerados esenciais da musical) e as súas descubertas poñen en perigo –xeran dúbidas– as convencions normalmente consideradas irrefutables: repetición e monotonia, redución e redundancia, densidade e entropía.

Arturo Fuentes

México DF, 1975. Hoxe reside en Austria. Estableceuse en Europa en 1997, concretamente en Milán, onde chegou para estudar con Franco Donatoni. En París, rematou un posdoutoramento con Horacio Vaggione. En México, estudiou no CIEM e con Juan Trigos. Desenvolveu proxectos no IRCAM (París), no Experimentalstudio (Freiburg), no ZKM Centro para Arte e Medios (Karlsruhe) e no ISTC (Instituto para Música por Computador e Tecnología Sonora, Zurich). As súas obras son frecuentemente presentadas en festivais internacionais de Europa de música instrumental e electroacústica, tanto como danza como en proxectos de teatro musical que combinan video e electrónica. É un dos compositores latinoamericanos con maior proxección no ámbito dos novos medios.

Fran MM Cabeza de Vaca

As Palmas de Gran Canaria, 1976. Estudou composición no Conservatorio Superior Rafael Orozco de Córdoba e no Conservatorio Superior de Música de Aragón con José María Sánchez-Verdú, e formouse en composición electroacústica con Alberto Bernal na aula de Músicas Experimentais de Madrid. Estreou música instrumental e electroacústica en diversos festivais nacionais (Tempada CDMC-Auditorio 400 do MNCA Reina Sofía, ENSEMS Valencia, Festival de Música Española de Cádiz) e internacionais (Festival de Mérida en México, Festival de Oxford en Canadá, Foro Internacional de Música Nueva de México DF). Participou como compositor e intérprete en diversos espectáculos escénicos e dirixiu o proxecto Vexo unha Voz, xunto á actriz Ana Barcia. Actualmente, dirixe a ópera Todos caníbales, estreada no XXXIII Encontro Internacional de Compositores de Mallorca, en novembro de 2012.

<https://soundcloud.com/fran-mm-cabeza-de-vaca>

Kamen Nedev

Produtor cultural e comisario independente asentado en Madrid. Baixo o heterónimo Acoustic Mirror, leva desenvolvendo desde 2005 un labor de investigación e produción en fonografía e arte sonora, cunha énfase tanto no paisaxe sonoro do espazo urbano coma na producción social do son.

<http://acousticmirror.tumblr.com>

Maria Salgado

Madrid, 1984. Poeta low-tech. Publicou Ferias (Madrid: Universidad Popular José Hierro, San Sebastián de los Reyes, 2007; III Premio Félix Grande), 31 poemas (Málaga: Puerta del Mar, 2010) e Ready (Madrid: Arrebatu Libros, 2012). Leva a cabo plans de investigación e creación poética como o Seminario Euraca (seminarioeuraca.wordpress.com), o proxecto de tráfico de libros e reseñas Contrabando (aliteraturadelpobre.wordpress.com) ou o ciclo de recitais Zírculo Inestable de Xiz (aliteraturadelpobre.wordpress.com/zctz). É a autora do blog globorapido.net

AS OBRAS

Voces e Piano

"Voces e Piano, orixinalmente escrito para Nicolas Hodges, é un extenso ciclo de pezas para voz gravada –normalmente dunha coñecida celebridade– e piano. O ciclo, ainda en proceso, inclúe preto de 80 pezas/voces (ao redor das catro horas de música). A obra está concibida como unha selección dun todo. Actualmente, interéssame escribir obras onde a totalidade non se debe presentar á vez. A totalidade debe permanecer coma tal e o que nós oímos é unha parte dela.

Gústame pensar que Voces e Piano é o meu ciclo de cancións, áinda que ningún cante nel: as voces son todas de discursos, de entrevistas ou de lecturas. E o piano non acompaña realmente as voces: a relación entre ambos é máis o dunha competición ou comparación. Comprárase discurso e música.

Poderíamos dicir tamén: realidade e percepción. A realidade/ discurso é continua, a percepción/ música é unha rede que tenta aproxímarse á primeira. Actualmente, a parte de piano é unha exploración temporal e espectral da voz respectiva, algo así como unha basta fotografía cuadruplicada. Actualmente, a parte do piano é a análise da voz. A música analiza a realidade.

Información é redundancia: a tautoxoxía, segundo a Wittgenstein, non nos de nada sobre o mundo e non garda relación ningunha co mundo. Mantéño a opinión, con todo, de que a tautoxoxía é o principio básico da lingüaxe, o principio básico da relación entre a lingüaxe e o mundo.

Cada descripción, explicación, análise e definición é duplicación, repetición, redundancia, exactamente no mesmo modo en que o é a tautoxoxía. Algo similar é válido para a información: a información non é precisamente o que más se distancia da redundancia. Máis ben a información non é posible sen redundancia. O concepto de redundancia está relacionado co de «marco»: a repetición de algo significa captalo con maior intensidade, arranxalo, cortalo, encadralo. Isto tamén é válido para «significado». Significado e duplicado, ou tamén énfase, son, en calquera caso, case sinónimos".

Peter Ablinger

Leembranzas do baleiro

Leembranzas do baleiro está baseada no libro Novas do Imperio, do escritor Fernando del Paso (México DF, 1935). Publicada en 1987, está ambientada na Segunda Intervención Francesa en México e na instauración do Segundo Imperio Mexicano, coa chegada ao poder de Maximiliano I de México e da súa consorte Carlota de México. En particular, chamoume a atención a maneira en que o escritor imaxina o complexo e demente mundo de Carlota de Bélgica, «Emperatriz de México e do baleiro», esposa do austriaco Maximiliano de Habsburgo, fusilado en México. Carlota regresou a Europa e morreu namorada de Maximiliano, a quem agardou durante varias décadas. Disque lle ouclaran a morte de Maximiliano para non agravar a súa tolemaia". Arturo Fuentes

Cidade a / cidade b / cidade ce ata o zeta (retail, wholesale) (2013)

"A partir do texto orixinal de María Salgado, a nosa aproximación á cidade edifícase nun territorio híbrido a medio camiño entre o masivo (wholesale) e o miúdo (retail), como dicotomía arquética dos extremos e dos filtros aos que a cidade (todas as cidades, a cidade m) nos somete. Extremos tamén sonoros que se abalan entre as masas humanas que berran e as falas baixas dun encontro amoroso, entre o ruido violento da engrenaxe produtiva que returna contra a nosa conciencia e o fermoso tintinar do cotián e os seus refachos de aire. E dentro/antes/detrás/sobre/en toda a obra, o abecedario coma código fonte –posto en xaque– co que todas as historias (todos os sons, todas as cidades) se din".

Fran MM Cabeza de Vaca

OS RELATORES

Maite Dono

Vitoria, 1969. Licenciada en Interpretación pola Real Escola Superior de Arte Dramático (RESAD) de Madrid. Compaxiña a súa actividade teatral coa súa trayectoria musical desde o ano 1993. O seu primeiro disco leva por título Corazón de Brief (Boa, 1998). O seu segundo traballo, O Mar Vertical (Xingra, 2001), acompañase dun libro de poemas homónimo. Colaborou e colabora con diferentes grupos e músicos e tamén con artistas de distintas áreas en proxectos mixtos. O seu último traballo discográfico, xunto ao contrabaixista de jazz Baldo Martínez, é Sons-nós (2010).

Como poeta, publicou Manta de Sombra (Libertarias/Prodhufi, 1996) –Prímeiro Premio Internacional Libros del Egoista–, O Mar Vertical (Espiral Maior, 2000), Deslincios (2003) –Premio Esquíu de Poesía en Lingua Galega– e Circus Girl (El Gaviero, 2009). Escribiu teatro e relatos. A súa obra tamén aparece en distintos libros colectivos e en revistas.

<http://www.maitedono.blogspot.com/>

Emilio Lede

Barro, Pontevedra, 1974.

Comeza os seus estudos musicais da man de seu pai. Estuda piano e oboé, máis tarde composición con Joam Trillo, quen esperta o seu interese pola análise e, finalmente, musicoloxía. Interesado pola interpretación, dirixiu, entre outras agrupacións, o coro de cámara A Laranza; así como a Nova Orquestra Juan Crisóstomo de Arriaga de Majadahonda. As súas liñas de investigación musicolóxica centránsense na historia da harmonía, na relación da análise coa interpretación e nas correspondencias entre a música e as demais artes. Publicou artigos en diversas revistas especializadas –Relafare, Cuadro42, Diapente e Sul Ponticello–. Deu conferencias de reflexión sobre a escucha e o achegamento á música contemporánea no CGAC de Santiago de Compostela, na galería de arte Liliup e no Conservatorio Superior de Música de Vigo. No ano 2012, publicou no editorial Dos Acordes o libro Análisis musical y guía para la interpretación. Partita para flauta sola BWV 1013 de J. S. Bach. Sonata para flauta sola de C. Ph. E. Bach. Colabora regularmente coa Fundación Arriaga, a ESMAE do Porto e a Vertixe Sonora Ensemble, e imparte cursos sobre interpretación en distintos conservatorios de Galicia. Actualmente, é profesor de Historia da Música e Análise, no Conservatorio Manuel Quiroga de Pontevedra.

VERTIXE SONORA

É un colectivo flexible que integra destacados solistas de música contemporánea de Galicia e de Portugal, Vertixe Sonora Ensemble está formado por artistas sonoros, artistas plásticos, músicos de jazz, intérpretes clásicos e xente do teatro e da danza.

A partir dunha conciencia da multiplicidade no achegamento ao sonoro, establece un constante diálogo e interacción co pensamento, coa ciencia, coa tecnoloxía e con outras formas artísticas desde unha óptica cosmopolita, integradora e transcultural, para favorecer un espazo aberto á reflexión, á discussión e ao intercambio no campo da música contemporánea, que non renuncia nin ao rigor, nin á transgresión, nin ao espírito de vanguarda.

Integra o Instituto Galego de Sonoloxía, unha plataforma para a investigación e a experimentación do son con novos medios e para a creación de tecnoloxía racional do futuro.

Desde a súa aparición, converteuse nun referente para a última xeración internacional de compositores do noso continente que atopa nas súas producções a oportunidade de desenvolver propostas musicais cunha perspectiva artística global e en permanente procura da excelencia artística.

Vertixe Sonora Ensemble é colaborador habitual do Centro Galego de Arte Contemporánea (Santiago de Compostela), onde desenvolve o Ciclo Música e Arte: Correspondencias Sonoras, os Talleres de Creación Digital do Instituto Galego de Sonoloxía (IGS) e Causal, Encuentro Internacional de Música Contemporánea.

Tamén organiza sonUtopías, dentro do campUSCulturae da Universidade de Santiago de Compostela, e o festival Vertixe Sonora Vigo na cidade da oliveira.